


REGULAMENTO DO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE MATERIAL DA ASOCIACIÓN AMIZADE (SERVIZO AMISERP)



Capítulo I. Principios Xerais

Artigo.1º.- Obxecto do servizo

O obxecto do servizo é poñer a disposición das persoas con discapacidade un sistema de préstamo de diverso material propio da entidade (handbikes, cadeiras de rodas Evolution, ramplas extensibles, furgoneta,...) para favorecer os desprazamentos e o goce do seu tempo de ocio.

Artigo 2º.- Persoas usuarias do servizo.

Poderán ser usuarias do servizo de préstamo AMISERP de todas as persoas con discapacidade maiores de idade que ademais cumpran os requisitos específicos contemplados a continuación para cada material obxecto de préstamo.

Préstamo da **Furgoneta**:

-Terá que existir o aval de tres persoas da xunta directiva, sendo unha delas necesariamente a que ostente a Presidencia.

-A persoa solicitante terá que asinar un documento no que se compromete a que o/a condutor/a da furgoneta ten que cumprir os mínimos requisitos:

- Ter un mínimo de 30 anos de idade.
- Que o carne teña un mínimo de 2 anos de antigüidade.
- Que conte cun mínimo de 8 puntos no seu carne.



Préstamo de **Handbikes**:

- Terá que solicitar a autorización de uso das handbikes, segundo o anexo I. (<http://www.asociacionamizade.org/web/amiserpre/>)
- Terá que asistir a unha xornada de formación (que se convocarán periodicamente segundo as solicitudes recibidas) e tras ela obter o visto e prace de polo menos tres persoas da xunta directiva, sendo unha delas necesariamente a que ostente a Presidencia.

NON poderá ser usuaria a persoa que:

- Conforme á normativa sobre circulación vial que resulte de aplicación, estea impedida para o uso do material obxecto do préstamo.
- Tampouco poderá ser usuaria do servizo a persoa que teña algunha débeda pendente con Amizade.

Artigo 3º.- Funcionamento do servizo AMISERPRE

Calquera persoa que cumpra os requisitos do Artigo anterior poderá solicitar o préstamo do material no que teña interese:

Dependendo da condición da persoa (se é socia de Amizade ou non), do tipo de material a prestar e do tempo no que se faría uso do mesmo, a persoa solicitante terá que facer fronte ás tarifas que aparecen recollidas no **Anexo II**. O abono das mesmas farase por anticipado.

Artigo 4º.- Condicións de utilización.

1. A persoa interesada deberá enviar un correo electrónico a amizade@asociacionamizade.org no que faga constar os seus datos persoais e a descrición da solicitude que pretende realizar, que conterá como mínimo:
 - a. Material obxecto da solicitude de préstamo.
 - b. Data proposta para a recollida do material (terá que ser de luns a venres).



c. Data proposta para a devolución do material (non podendo transcorrer máis de 30 días naturais dende a recollida do mesmo).

d. Motivo polo que se solicita o préstamo: viaxe, ocio, participación en marchas ou roteiros...

2. No caso de coincidencia de varias solicitudes nas mesmas datas, procederase á distribución do material segundo as seguintes prioridades:

a. Condición de persoa socia ou non.

b. Tempo transcorrido desde o último préstamo do mesmo material.

c. Posibilidade de gozar do mesmo material por un maior número de persoas.

d. Incidencias ocasionadas anteriormente por algunha das persoas solicitantes.

No caso de que cos criterios anteriores existan dúas solicitudes de préstamo que coincidan en datas e nas que non se poida priorizar claramente entre unha delas, a decisión sobre a distribución do material solicitado recaerá en tres persoas membros da xunta directiva de AMIZADE, sendo necesariamente unha delas a que ostente a presidencia.

3. No momento de recoller o material solicitado na sede de AMIZADE, a persoa solicitante deberá cubrir a correspondente ficha de préstamo, da cal se levará unha copia. O formato da ficha será o contemplado no Anexo III.

Artigo 5º.- Dereitos.

1. Toda persoa con discapacidade ten dereito a solicitar o material do AMISERPRE, cumprindo as condicións de idade e capacidade establecidas no artigo 2.

2. Estar cubertos por un seguro de accidentes e de responsabilidade civil para aqueles posibles sinistros ocasionados polo material prestado, sempre que non estean causados por un mal uso ou uso negligente do mesmo.

Artigo 6º.- Obrigacións e Responsabilidades da persoa solicitante.

1. Toda persoa usuaria está obrigada a facer un uso correcto do material prestado por Amizade, actuando coa maior dilixencia posible.



Deberá devolver o material no mesmo estado no que o recibiu, en bo funcionamento e limpo.

2. Toda persoa usuaria está obrigada a cumprir as normas establecidas no presente regulamento.

3. Toda persoa usuaria deberá respectar en todo momento o Regulamento Xeral de Circulación. No caso da cadeira de rodas, handbikes e furgoneta, cando as condicións climatolóxicas o esixan (chuvia, néboa, ou pouca visibilidade) así como cando estea anoitecendo, a persoa usuaria deberá de ir provista mentres utiliza o material prestado de chaleco reflectante para permitir a súa visualización.

4. Serán responsables das infraccións a este Regulamento as persoas usuarias do servizo AMISERPRE.

5. A persoa usuaria ten a obriga, durante o tempo de utilización, de custodiar o material, respectar as normas de circulación vial e facer un uso correcto do servizo de préstamo.

6. Amizade non se fará responsable dos danos que a persoa usuaria poida sufrir ou poida causar a terceiras persoas producidos polo mal uso do material prestado.

7. A persoa usuaria deberá retirar e devolver o material dentro da data e do horario establecido. O incumprimento desta obriga dará lugar ás sancións correspondentes e as consecuentes responsabilidades.

8. A persoa usuaria comprométese durante o tempo que dure o préstamo a colocar o material en zonas estratéxicas, adecuadas ou seguras que non interfiran o paso de persoas nin vehículos nin potencien situacións de inseguridade, sempre atendendo ás normas de aparcamento definidas na normativa correspondente.

9. A persoa ten a obriga de comunicar de inmediato a Amizade as incidencias que se produzan, tales como o deterioro ou fallo que impida ou dificulte o uso do material, así como calquera situación na que puidera verse involucrada a persoa usuaria como consecuencia do servizo ou que afecte ao mesmo.

10. En caso de perda, roubo ou hurto do material prestado; a persoa usuaria ten a obriga de denunciar o feito nun prazo máximo de 8 horas á Policía Nacional, Garda Civil ou Policía Local.



11. En caso de producirse hurto ou roubo do material, a persoa usuaria deberá entregar en Amizade unha copia da denuncia presentada no prazo máximo das 24 horas seguintes á data da denuncia ou día hábil inmediatamente posterior.

A non presentación de dita denuncia ou non facilitar unha copia mesma a Amizade, será considerada como infracción moi grave.

12. A persoa usuaria será responsable ante AMIZADE da posible perda do material ou dos danos que o uso do mesmo ocasione na contorna (en especial, do mobiliario urbano) durante o tempo que transcorra entre a retirada e devolución do material prestado.

13. O abandono inxustificado do material prestado será considerado como infracción moi grave.

14. No caso de non ter devolto o material prestado 24 horas despois da data e horario establecidos para a devolución, enviarase un requirimento á persoa usuaria por sms, whatsapp e/ou correo electrónico no que se esixirá a devolución do material prestado ou o abono do valor estimado do mesmo.

Artigo 7º.- Prohibicións.

1. Prohíbese á persoa usuaria do servizo a prestar, alugar, ceder ou realizar calquera outro acto de disposición do material prestado a favor de terceiras persoas, con ou sen ánimo de lucro.

2. Prohíbese o uso do material prestado en competicións de calquera clase.

3. Prohíbese o uso do material prestado para fins distintos aos que constitúen o obxecto do servizo AMISERPRE e en particular o seu uso con fins comerciais ou profesionais.



Capítulo II: Réxime sancionador.

Artigo 8º.- Infraccións.

1. Será infracción administrativa o incumprimento das obrigas, prohibicións e requisitos establecidos neste regulamento.
2. As infraccións cualifícanse como leves, graves e moi graves.

Artigo 9º.- Infraccións leves.

Serán infraccións leves as seguintes:

1. O retraso na devolución do material prestado non debido a causas xustificadas, por un tempo inferior a unha hora.
2. Non colocar o material, durante o tempo que dure o préstamo, en zonas estratéxicas, adecuadas ou seguras, de maneira que interfiran o paso de persoas ou vehículos ou potencien situacións de inseguridade.
3. O mal uso do material prestado, como pode ser (no caso da cadeira de rodas, furgoneta ou handbike) transportar a segundas persoas, derrapes, acrobacias, saltos, etc.

Artigo 10º.- Infraccións graves.

Serán infraccións graves as seguintes:

1. O retraso na entrega do material, sen causa xustificada, por un tempo de entre 1 a 12 horas..
2. Deixar o material só, sen asegurar, no caso de que este feito non conleve o roubo temporal ou definitivo do mesmo.
3. Prestar o material a terceiras persoas.
4. Non respectar as normas de tráfico establecidas para estes vehículos (no caso das handbikes e furgoneta).
5. Non comunicar calquera desperfecto, percance ou accidente ocorrido durante o seu uso.



6. Non devolver o material en bo estado de funcionamento e sen danos, sen xustificación. Sen prexuízo de ter que asumir os gastos debidos á reparación do mesmo.

7. A reiteración na comisión de dúas faltas leves nun período de 24 meses.

Artigo 11º.- Infraccións moi graves.

Serán infraccións moi graves as seguintes:

1. O retraso na entrega do material prestado, sen causa xustificada, en máis de 12 horas.
2. Deixar o material só, sen asegurar, no caso de que este feito conleve o roubo temporal ou definitivo do mesmo.
3. Utilizar o material con fin de lucro, estando expresamente prohibido o seu aluguer e/ou venta e a súa utilización para fins comerciais, de transporte de mercadorías ou calquera outro uso profesional.
4. O abandono e perda inxustificada do material.
5. A non realización ou entrega de denuncia nos lugares indicados neste regulamento, dentro dos prazos establecidos, da perda, roubo ou hurto do material.
6. A reiteración na comisión de dúas faltas graves nun período de 24 meses.

Artigo 12º.- Sancións.

As infraccións ao presente regulamento darán lugar ás seguintes sancións:

- *Infraccións leves* penalizaranse con: penalizacións de tempo e/ou multas de ata 50 euros.
- *Infraccións graves* con: penalizacións de tempo e/ou multa de ata 100 euros.
- *Infraccións moi graves* con: penalizacións de tempo e/ou multa de ata 1.000 euros.

O Anexo IV contén unha descrición máis detallada destas sancións.

Artigo 13º.- Protección de datos.

1. Os datos persoais das persoas usuarias do servizo AMISERPRED serán obxecto de tratamento informático aos únicos efectos da súa relación con Amizade como consecuencia de persoas usuarias de AMISERPRED.



2. Sobre ditos datos, o seu titular poderá exercer os dereitos de oposición, acceso, rectificación, e cancelación conforme ao previsto na Ley Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.
3. A persoa usuaria asume que todos os datos facilitados son exactos e acepta as condicións do presente Regulamento.



SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DAS HANDBIKES

Anexo I: Solicitud de Autorización de usa das Handbikes



Nome: _____

Apelidos: _____

Enderezo: _____

Correo electrónico: _____

Teléfonos: _____

Persona socia: Si Non En caso afirmativo, poñer a antigüidade: _____

Dispoñibilidade para asistir á xornada formativa (días e horarios nos que lle sería máis doado poder asistir):

Asdo. _____

Lugar e data da solicitude:

_____, de _____ de 20____

Data da formación: _____ Visto e prace por superar a formación

Asdo.Presidencia: _____ Asdo.Membro X.D.: _____ Asdo.Membro X.D.: _____

A cubrir pola dirección de Amizade unha vez realizada a xornada formativa

A Persoa que asina esta solicitude acepta as condicións establecidas no Regulamento do servizo AMISERPRE e Autoriza expresamente á entidade AMIZADE, ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DÁ COMARCA DE PONTEVEDRA con domicilio en RUA ALEMAÑA 23 BJ, 36162 MONTEPORREIRO - PONTEVEDRA, con CIF G36053445 á recollida e tratamento dos datos de carácter persoal de quen asina. Así mesmo declara que se lle informou convenientemente acerca da táboa que se presenta en relación ao dereito recollido no art. 13 do RGPD.

| INFORMACION BASICA SOBRE PROTECCION DE DATOS FICHEIRO DE DATOS CLIENTES | |
|---|--|
| RESPONSABLE | AMIZADE, ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA COMARCA DE PONTEVEDRA |
| FINALIDAD PREVISTA | CLIENTES: Gestión cuenta de cliente. Gestión económica financiera de las cuentas comerciales. Gestión y envío de comunicaciones comerciales. |
| D. P. O. (Data Protection Officer) | MARTIN LOPEZ ESCARTIN – Abogado ICAM 103516 |
| LEGITIMACION | Consentimiento del interesado. |
| DESTINATARIOS DE CESIONES DE DATOS | a) Empresas del mismo grupo. b) No se cederán datos salvo que sea necesario para cumplir con la propia prestación solicitada. c) No se cederán datos salvo por mandato legal. d) Asesoría fiscal y contable. |
| DERECHOS | a) Derecho a solicitar el acceso a los datos personales relativos al interesado, b) Derecho a solicitar su rectificación o supresión , c) Derecho a solicitar la limitación de su tratamiento , d) Derecho a oponerse al tratamiento, e) Derecho a la portabilidad de los datos. |
| INFORMACION ADICIONAL | Puede ver nuestra política de privacidad en: www.asociacionamizade.org/web/privacidad/ |
| COMO EJERCITAR SUS DERECHOS | Solicite nuestros formularios para el ejercicio de derechos en: RUA ALEMANIA 23 BJ, 36162 MONTEPORREIRO - PONTEVEDRA www.agpd.es |



ANEXO II - TARIFAS

Tarifas para o prestamo de calquera das tres Handbikes Striker de Rodem

| Persoa socia con antigüidade superior a 6 meses: | | |
|--|--------|----------------|
| Duración do préstamo | Fianza | Importe diario |
| de 1 a 5 días | - € | 2,00 € |
| de 6 a 12 días | - € | 1,80 € |
| de 13 a 20 días | - € | 1,70 € |
| máis de 20 días | - € | 1,60 € |

| Persoa Non Socia | | |
|----------------------|----------|----------------|
| Duración do préstamo | Fianza | Importe diario |
| de 1 a 5 días | 400,00 € | 30,00 € |
| de 6 a 12 días | 400,00 € | 29,00 € |
| de 13 a 20 días | 400,00 € | 28,00 € |
| máis de 20 días | 400,00 € | 27,00 € |

| Persoa socia con antigüidade inferior a 6 meses: | | |
|--|----------|----------------|
| Duración do préstamo | Fianza | Importe diario |
| de 1 a 5 días | 150,00 € | 5,00 € |
| de 6 a 12 días | 150,00 € | 4,75 € |
| de 13 a 20 días | 150,00 € | 4,50 € |
| máis de 20 días | 150,00 € | 4,30 € |

Tarifas para o prestamo da cadeira de rodas Evolution

| Para o aluguer conxunto cunha Handbike: |
|---|
| Gratuito |

| Para o aluguer só da cadeira de rodas Evolution: | | |
|--|---------|----------------|
| Duración do préstamo | Fianza | Importe diario |
| de 1 a 10 días | 25,00 € | 1,00 € |
| máis de 10 días | 25,00 € | 0,90 € |

| Persoa Non Socia | | |
|----------------------|---------|----------------|
| Duración do préstamo | Fianza | Importe diario |
| de 1 a 10 días | 50,00 € | 3,00 € |
| máis de 10 días | 50,00 € | 2,70 € |

Tarifas para o prestamo das ramplas extensibles

| Persoa socia con antigüidade superior a 6 meses: |
|--|
| Gratuito |

| Persoa socia con antigüidade inferior a 6 meses: | | |
|--|---------|----------------|
| Duración do préstamo | Fianza | Importe diario |
| de 1 a 10 días | 25,00 € | 0,50 € |
| máis de 10 días | 25,00 € | 0,45 € |

Tarifas para o prestamo da Furgoneta

| Persoa socia con antigüidade superior a 6 meses: | | |
|--|-------------------------------------|----------------|
| Quilómetros feitos | Fianza | Importe diario |
| Ata 100km | A franquicia que contemple o seguro | 10,00 € |
| Por km que pase de 100 | | 0,10 € |

| Persoa socia con antigüidade inferior a 6 meses: | | |
|--|-------------------------------------|----------------|
| Quilómetros feitos | Fianza | Importe diario |
| Ata 100km | A franquicia que contemple o seguro | 50,00 € |
| Por km que pase de 100 | | 0,50 € |



ANEXO III
FICHA DE PRÉSTAMO (anverso)

Anexo III: Ficha de Préstamo AMISERP



Nome: _____

Apellidos: _____

Enderezo: _____

Correo electrónico: _____

Teléfonos: _____

DNI: _____

Data _____ de _____ de 20 _____

| Material Prestado | Días de préstamo |
|-------------------|------------------|
| | |
| | |
| | |

| <i>Día da Devolución</i> | <i>Hora de Devolución</i> |
|--------------------------|---------------------------|
| | |

N.º 0001

| <i>Importe aboado</i> |
|-----------------------|
| |

Asdo. Dirección Amizade: _____

A cubrir pola dirección de Amizade unha vez devolto o material

Asdo: _____

LIN E ACEPTO AS CONDICIÓN S QUE FIGURAN AO DORSO



ANEXO III **FICHA DE PRÉSTAMO (reverso)**

| INFORMACION BASICA SOBRE PROTECCION DE DATOS FICHEIRO DE DATOS CLIENTES | |
|---|---|
| RESPONSABLE | AMIZADE, ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA COMARCA DE PONTEVEDRA |
| FINALIDAD PREVISTA | CLIENTES: Gestión cuenta de cliente. Gestión económica financiera de las cuentas comerciales. Gestión y envío de comunicaciones comerciales. |
| D.P.O. (Data Protection Officer) | MARTIN LOPEZ ESCARTIN – Abogado ICAM 103516 |
| LEGITIMACION | Consentimiento del interesado. |
| DESTINATARIOS DE CESIONES DE DATOS | a) Empresas del mismo grupo. b) No se cederán datos salvo que sea necesario para cumplir con la propia prestación de este servicio. c) No se cederán datos salvo por mandato legal. d) Asesoría fiscal y contable. |
| DERECHOS | a) Derecho a solicitar el acceso a los datos personales relativos al interesado, b) Derecho a solicitar su rectificación o supresión , c) Derecho a solicitar la limitación de su tratamiento , d) Derecho a oponerse al tratamiento, e) Derecho a la portabilidad de los datos. |
| INFORMACION ADICIONAL | Puede ver nuestra política de privacidad en: www.amizade.com |
| COMO EJERCITAR SUS DERECHOS | Solicite en nuestros formularios para el ejercicio de derechos en: RUA ALEMANIA 23 B.J, 36162 MONTEPORREIRO - PONTEVEDRA www.agpd.es |

A Persoa que asina esta solicitude acepta as condicións establecidas no Regulamento do servizo AMISERPRE e Autoriza expresamente á entidade AMIZADE, ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA COMARCA DE PONTEVEDRA con domicilio en RUA ALEMAÑA 23 B.J, 36162 MONTEPORREIRO -PONTEVEDRA, con CIF G36053445 á recollida e tratamento dos datos de carácter persoal de quen asina. Así mesmo declara que se lle informou convenientemente acerca da táboa que se presenta en relación ao dereito recollido no art. 13 do RGPD.

CONDICIÓN DE USO

QUEN ASINA A FICHA DE PRÉSTAMO DEBERÁ SER MAIOR DE 18 ANOS E FARASE RESPONSABLE DO MATERIAL PRESTADO.

A PERSOA USUARIA RECOÑECE QUE FOI INFORMADA SOBRE O FUNCIONAMENTO DO MATERIAL PRESTADO E QUE COMPROBOU QUE ESTÁ EN CONDICIÓN NORMAIS DE USO.

A PERSOA USUARIA DEBERÁ COIDAR O MATERIAL PRESTADO, NON CEDER O SEU USO A TERCEIRAS PERSOAS E RESPECTAR A LEXISLACIÓN VIXENTE EN MATERIA DE TRÁFICO E SEGURIDADE VIAL.

A PERSOA USUARIA DEBE DEVOLVER O MATERIAL NO DÍA E HORA PACTADAS, E EN PERFECTO ESTADO.

EN CASO DE ROUBO, A PERSOA USUARIA DEBE NOTIFICALO INMEDIATAMENTE A AMIZADE E INTERPOÑER A CORRESPONDENTE DENUNCIA

ANEXO IV

TIPOS E GRAOS DE SANCIONES

| <u>Infraccións Leves</u> | <u>Sancións</u> | |
|--|--------------------|-------------|
| | Tempo sen préstamo | Multa |
| Retraso na devolución do material prestado en máis de 15 minutos e menos de 1h | 1 mes | 20 € |
| Colocar o material de xeito incorrecto e/ou inseguro | 3 meses | 30 € |
| Dar un mal uso ao material prestado | 3 meses | 50 € |

| <u>Infraccións Graves</u> | <u>Sancións</u> | |
|--|--------------------|--------------|
| | Tempo sen préstamo | Multa |
| Retraso na devolución do material prestado entre 1 e 6h | 6 meses | 50 € |
| Retraso na devolución do material prestado entre 6 e 12h | 6 meses | 100 € |
| Deixar o material só, sen asegurar, sen que o feito conclúa en roubo | 6 meses | 75 € |
| Prestar o material a terceiras persoas | 6 meses | 100 € |
| Non respectar as normas de tráfico | 6 meses | 90 € |
| Non comunicar calquera desperfecto ocorrido durante o seu uso | 6 meses | 75 € |
| Non devolver o material en bo estado | 6 meses | 100 € |

| <u>Infraccións Moi Graves</u> | <u>Sancións</u> | |
|---|--------------------|----------------|
| | Tempo sen préstamo | Multa |
| Retraso na devolución do material prestado en máis de 12h | 12 meses | 150 € |
| Deixar o material só, sen asegurar, cando o feito si conclúa en roubo | 12 meses | 175 € |
| Utilizar o material con fin de lucro | 12 meses | 150 € |
| O abandono ou perda inxustificada do material prestado | 12 meses | 500 € |
| Non realización ou entrega da denuncia segundo o establecido neste regulamento para o caso de roubo, dentro dos prazos establecidos | 12 meses | 1.000 € |